

NUNCA DEIXARÁ DE CHOVER NO MEU CINEMA

30 ABRIL-07 XUÑO DE 2025

ZONA C • PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

*30 ANOS
DE FILMES
DE ZARAUZA*



Compostela
Cultura
Artes visuais



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO

NUNCA DEIXARÁ DE CHOVER NO MEU CINEMA

1995-2025

Alfonso Zarauza

A Pablito

Unha tirada de dados xamais abolirá o azar

1987

Unha tarde de choiva do mes de marzo de 1987 xacía eu deitado na miña cama de adolescente de catorce anos. Tiña a mesa de noite chea de revistas da NBA que os meus amigos do colexio La Salle traían cando me viñan visitar. Por aquel entón eu era un grande atleta, pero naquel período concreto, levaba cinco meses sen ir a clase e tiña que gardar cama por mor dunha enfermidade.

Pasaban os meses de convalecencia e os meus amigos cada vez viñan menos veces a me visitaren. Había tempo que as revistas da NBA e as novelas de aventuras me aburrían soberanamente. Non lembro a razón de pedirlle á miña nai que me achegara á cama un volume da enciclopedia Larousse; o que si lembro perfectamente é que ao abrir ao chou aquel volume, apareceu no bordo do texto un debuxo que me impactou e cambiou a vida radicalmente. Era unha caricatura garabateada do xove Rimbaud con abrigo paletó, sombreiro e pipa, feito por Verleine en 1873.

Inmediatamente a fascinación que produciu en min ese debuxo abriu a miña curiosidade e nunhas poucas horas, grazas a esa mesma enciclopedia, xa me inoculara a información suficiente sobre Rimbaud, Verlaine, Mallarmé e todo o veneno maldito dos poetas franceses do XIX. Pedinlle á miña nai que me mercara *As iluminacións*, de Rimbaud, e *As flores do mal*, de Baudelaire, e xa nunca máis volví a ser o mesmo. Cando un mes despois volví ao colexio era unha persoa completamente distinta. Pasei de admirar a Larry Bird a adorar a Rimbaud nunha soa tarde. Ese debuxo matou o atleta e espertou o artista adolescente. Pouco tempo despois empecei a escribir poesía compulsivamente e a observar o mundo doutro xeito.

Sempre me preguntei se eu tería sido a mesma persoa se ese azar da fortuna non acontecese; probablemente a resposta de un Stephan Mallarmé cando escribiu o seu derradeiro poema: «Unha tirada de dados xamais abolirá o azar».

Os dous de sempre

1994-95

A principios dos noventa empecei a ir ao cinema cada vez con máis frecuencia. Varias veces á semana coincidía cun compañeiro de clase do meu irmán pequeno no colexio La Salle. Pablito era catro anos menor ca min, así que até esa época non lle fixera moito caso. Ao saír do cinema Valle Inclán, Pablito e mais eu defendíamos con vehemencia por que nos gustaban ou nos horrorizaban os filmes que víamos en cada sesión.

Unha tardiña de setembro de 1994, da maneira máis inxenua do mundo, decidimos que íamos dirixir unha curtametraxe. El estaba en COU e eu estudaba Filoloxía na Universidade de Santiago. Fomos a unha triste cafetería do Ensanche e en pouco máis de dúas horas e pico escribimos un guión moi simple que titulamos *Hay que joderse*. Inmediatamente, ao rematar o guión, preguntille a Pablito: «Agora que temos o guión, que imos facer con el?»

Pablito contestoume dunha maneira completamente irrefutable dicindo con rotundidade: «Irá prensa para anunciarlo». Pareceunos a cousa máis lóxica do mundo, nin o dubidamos. Ao día seguinte plantámonos en *La Voz de Galicia*, na rúa do Vilar, e dixémoslle á recepcionista que

viñamos a anunciar que íamos rodar unha curtametraxe. A recepcionista, completamente desconcertada, falou por teléfono baixinho con alguén e tras colgar o teléfono díxonos: «Esperade aí un momento». Dez minutos despois achegouse até a porta un xornalista chamado Alberto Casal que con certo abraio escoitou fascinado o noso inxenuo atrevemento. Eramos dous diletantes mozos que falaban de facer unha curtametraxe sen ter nin idea de como levala a cabo. Algo simpático debeu de ver en nós porque aos poucos días sacou un artigo moi agarimoso a toda páxina sobre a nosa proposta. Por aquel entón non existía o audiovisual galego e case que ninguén facía curtas, estábamos na era analóxica e todo o relativo á cinematografía era moi caro e facíase en grandes capitais afastadas. Como resultado da publicación de *La Voz de Galicia*, todo o mundo empezou a nos felicitar exultantemente. Pablito e eu, coma dous fantoches que eramos, empezamos a ser conscientes da dimensión do problema de credibilidade que se nos viña enriba se non facíamos a curta. Por unha banda, sentíamos a alegría de aparentar ser verdadeiros directores de cinema, mais, por outra banda, a presión da responsabilidade e o medo ao fracaso consumíanos.

Comezamos a ler libros de como dirixir cinema, a preguntarlle á pouca xente que sabía. Alber Ponte era o único director que coñecíamos e axudounos moito. Descubrimos que había que facer un guión técnico e como había que facelo, así que quedabamos todos os días na casa de Pablito para levar a cabo a inxente tarefa. A medida que avanzabamos facíámonos conscientes da complexidade e do caro que era facer cinema. Superabas unha dificultade e aparecía outra maior. Para financiar a curta fixemos unha especie de mecenado participativo analóxico moito antes de saber o que era un *crowdfunding*; daquela chamábase rifas. Vendíámoslles accións do futuro filme a mil pesetas aos nosos familiares e amigos. Chegamos a xuntar cento cincuenta mil pesetas. O pai de Pablito encargoulle a un ferreiro de Boqueixón un travelling caseiro. Íamos obsesivamente ao pub Atlántico na procura de actores e actrices. Facíamos un *casting* visual e logo falabamos con eles. Todos eran como mínimo dez anos maiores ca nós. Nesa época a maioría dos actores de Galicia eran actores exclusivamente de teatro que nunca traballaran en cinema, así que entre a nosa xuventude e a nosa proposta audiovisual debíámoslles resultar bastante exóticos. No Atlántico sempre estaban os mesmos actores; o núcleo duro eran os membros das compañías de teatro Chévere da Sala Nasa, os Mofa e Befá e os Ollomol Tranvía, sempre acompañados por Quico Cadaval, Luis Zahera, Camila Bossa e Pilar Pereira. En poucas semanas empezamos a ser familiares para eles. Do pesados que eramos empezaron a nos chamar «Os dous de sempre». A un deles caémoslle especialmente ben, era un rapaz de Lugo bastante bo tipo chamado Luis Tosar. Xunto a Alber Ponte, Oscar Durán e a unha amiga miña da Facultade de Medicina chamada María Rey, acabaron formando o reparto principal da nosa curta.

A primeiros de decembro de 1994, durante tres xeadas noites rodamos a nosa primeira curtametraxe. Todo o equipo técnico eran amigos meus que se encargaban de diferentes tarefas para as que claramente non estaban formados nin capacitados. A única persoa que tiña unhas mínimas nocións técnicas era Ángel Novoa, dono de fotos Novoa, e que mercara unha boa cámara porque empezaba a abrirse paso no emerxente negocio dos vídeos de vodas, bautizos e comuñóns. Non sei moi ben como, pero a pesar do amatorismo conseguimos rodar a curtametraxe.

Ao rematar a rodaxe empezamos a pensar na montaxe. Descubrimos polas Páxinas Amarelas que había unha empresa na Coruña que facía edición de vídeo; chamábase Estudio 99. Fomos até A Coruña e falamos con Enrique, o encargado. Inmediatamente empezamos a montar a curta cun técnico que tiña contratado. Nós pensabamos que nun par de horas estaría todo editado, pero fomos descubrindo que nesa época se tardaba unha eternidade en montar vídeo analóxico cos ordenadores da época. Descubrimos a palabra máxica que minoraba angustiosamente todos os nosos procesos: renderizar. As horas, as xornadas e os días pasaban entre renderización e renderización e a nosa preocupación ía en aumento. Non sabíamos se poderíamos pagar todo o que ía custar a montaxe.

Unha tarde saímos correndo de Estudio 99. Caía un gran dioivo sobre A Coruña cando estábamos a piques de perder o último bus. Empezamos a correr baixo a choiva cruzando o centro da Coruña. Chegamos enchoupados de milagre á porta do bus que xa estaba arrancando. Ao sentarmos nos asentos do Castromil, empezamos a facer mentalmente cálculos realistas e fomos plenamente conscientes do que intuíamos: non nos ían alcanzar os cartos. Dubidamos se parar a montaxe ou continuar. Tomamos a decisión de que estábamos moi preto do final e de que tiñamos que rematar a curta custase o que custase. Á altura de Sigüeiro díxenlle a Pablito: «Enrique vains renderizar a hostias cando se decate de que non nos chegan os cartos para pagar». Deunos un dos ataques de risa máis prolongados da nosa vida; ao chegar á estación de Santiago aínda seguíamos a rir coma dous estúpidos e absolutos principiantes.

A montaxe durou catro eternas semanas. Cada día estábamos máis angustiados. O último día abrímonos á fin con Enrique e propuxémoslle que fose o noso produtor. El quedou un anaco en silencio, púxose moi serio, falounos con gravidade e dixo: «*Vale, pero a quién de los dos le tengo que cortar el meñique*». Quedamos xeados. Logo sorriu e botouse a rir dicindo «*Os lo habéis creído*». Aceptou a nosa proposta. Intuímos que sabía dende o principio que tiñamos moi poucos cartos. Para nós foi un absoluto alivio.

O 24 de febreiro de 1995, na sala grande de catrocentas butacas do cinema Valle Inclán, estreámos a nosa primeira curta. A sala estaba chea e foi un día ben bonito, case que un acontecemento social. Pablito e eu decidíramos que non íamos durmir esa noite nas nosas casas, así que lle dixemos as nosas familias que cada un durmirmos na casa do outro para non ter horario de regreso. Acabamos maldurmindo os dous nun caixeiro de Caixa Galicia, encollidos de frío, pero absurdamente felices. Espertamos ateridos de frío e fomos a unha cafetaría do Ensanche mentres arroiaba fermosamente sobre Compostela.

O Clube dos Hedonistas Fatigados

Cando rematamos a curta, tivemos unha certa repercusión mediática. Aínda que a curta era moi mala e tecnicamente imperfecta, por aquel entón non se facían moitas en Galicia. Despois da estrea entramos nun período de baleiro. Foran meses de moita intensidade. Descoidáramos as nosas vidas e os nosos estudos. Volver á rutina das nosas vidas xeraba en nós un gran baleiro.

Por aquel entón Pablito e eu acudíamos todas as tardes ao cinema Valle Inclán. Fixerámonos moi amigos do porteiro do cinema, Xosé Manuel. Era un home duns corenta e cinco anos que dicía ser un dandi, que todos os días facía as mesmas rutinas e que falaba constantemente con frases feitas de corte literario tipo: «Podo resistirme a calquera cousa excepto á tentación». Tiña o pelo branco e gafas de cristais grosos. Vestía de traxe e portaba un longo abrigo con bufanda de seda sobre as ombreiras, fumaba puros e sempre cargaba con catro ou cinco libros de boa literatura. Dependendo do grosor podía ler un libro cada día, dicía que o de porteiro do cinema era o seu traballo ideal porque podía facer as dúas cousas que máis lle gustaban do mundo: ler libros e fumar puros.

Xosé Manuel era un tipo profundamente peculiar e sensible. A persoa máis boa, xenerosa e inocente que coñecín nunca. Adoraba a súa nai que vivía en Negreira, a só vinte quilómetros de Santiago, e á que ía visitar todos os domingos. Todas as tardes antes de entrar no cinema Xosé Manuel lle escribía a man unha apaixonada carta á súa nai relatándolle pormenorizadamente todo o que fixera o día anterior, que sempre viña a ser o mesmo: «Prezada mamá. Onte viñéronme visitar ao cine Alfonso e mais Pablito, coma de costume, viron unha película mediocre da nosa carteleira e logo tiven que lles elevar o espírito falando de *En busca del tiempo perdido* de Proust mentres fumabamos un habano. Foi unha tarde marabillosa na que empezamos polo camiño de Swann e rematamos polo camiño do Galo D'Ouro...» A nai gardaba coma tesouros os centos de cartas do seu fillo.

1995-96

As nosas rutinas neses anos eran así; o que máis boto a faltar é a sensación de ter todo o tempo do mundo e poder perdelo, dende aquela nunca máis volví a estar tan ocioso na miña vida. Ao saír de ver unha peli, eu quedaba a falar durante horas con Xosé Manuel no ambigú do Valle Inclán, decotío era máis interesante a conversa con Xosé Manuel que o propio filme. Ademais, Xosé Manuel tiña un gran sentido do humor e da ironía; antes de traspasar unha porta sempre paraba e deixábase pasar diante dicindo: «Teño por costume deixar pasar as damas primeiro». Acostumabamos a falar de literatura e da vida en xeral mentres me convidaba a fumar un puro habano. Fundamos entre os tres o Clube dos Hedonistas Fatigados. As reunións do club eran ou no Galo D'Ouro ou na habitación que Xosé Manuel tiña alugada dende había vinte anos nunha vella pensión rexentada por unha señora moi maior que parecía sacada dunha novela decimonónica. Entrabamos na pensión en completo silencio, camiñando amodiño para que o vello chan de madeira chiara o menos posible. A habitación era completamente austera. Non tiña absolutamente ningunha decoración: unha cama, unha vella mesiña e libros por todas partes amontoados polo chan. Pablito e eu sentabamos no chan e el na cama. Líamos poesía e falabamos de literatura e desamores mentres escoitabamos música moi baixiña vendo a choiva caer pola fiestra. Xosé Manuel convidaba a uns grolos de absenta que lle traía de Francia Xurxo, o dono do Galo. Recordo escoitar caer a choiva bebendo absenta e escoitando as preciosas historias da vida de Xosé Manuel. Eses meses, despois da estrea, pasámoslos alimentando os nosos espíritos nas reunións do club.

Despois dun par de meses de baixón, unha tarde recibimos unha chamada de Antón Reixa. Quería facernos unha entrevista en Radio Voz. Acudimos ao estudio. Eramos os dous directores máis novos de Galicia, e dende Madrid, ao outro lado do teléfono, estaba en directo Ismael González, que viña a ser o director máis lonxevo. Era un produtor galego residente en Madrid, da vella garda do cinema dos sesenta e setenta. El dicía que fora produtor de Orson Welles en *Badaladas a medianoite*, pero fundamentalmente fora produtor de cinema de destape dos setenta. No medio da entrevista díxonos que nos ía producir unha curta porque lle caeramos simpáticos. Saímos exultantes do estudio.

Corría o ano 95 e nese ano a Universidade de Santiago conmemoraba os cincocentos anos cun programa cultural ben nutrido. Como estudante propuxen na Vicerreitoría de Cultura facer unha curta que tivera que ver coa universidade. Daquela non había Facultade de Comunicación Audiovisual, así que non recibiron moitas propostas de tipo audiovisual. Pedíronme que buscara unha produtora para poder pagar a curta a través dunha empresa. A única que atopei nas Páxinas Amarelas era Vía Láctea filmes, dun galego de Petín que acababa de chegar de Barcelona e se establecera en Compostela. Falamos con el e automaticamente converteuse no meu produtor, chamábase Ignacio Vilar. Para nós era un home maior, duns corenta e pico anos, pero cunha mentalidade moi diferente á de Xosé Manuel.

Nese mesmo ano fixemos dúas curtas, Pablito dirixiu *Un conto triste*, baseado nun relato de Castelao e producido por Ismael González, e eu dirixín *Aproba!* no verán do 95 para a Universidade de Santiago. Fixemos unha grande audición para buscar actores. O protagonista, co que ensaiei intensamente, non se presentou o día da rodaxe porque saíra de marcha a noite anterior e foi imposible localizalo. Foi un momento complexísimo cando me vin con todo un equipo de trinta persoas agardando a que este actor aparecera. Tiven que improvisar outro protagonista, chamei ao meu amigo Estévez que salvou a papeleta.

Desta vez tiñamos máis cartos e as dúas curtas filmámoslas en fotoquímico, en 16 mm. En setembro baixamos a Madrid ao laboratorio no coche de Ignacio Vilar. A comitiva compoñíamola Pablito, Riqui Morgade, o dire de foto da miña curta e eu. Aloxámonos no hotel Mediodía en Atocha. Para aforrar cartos, Ignacio meteunos aos catro na mesma habitación. Tratábanos un pouco como se foramos os seus fillos e nós correspondíámoslle comportándonos coma nenos rebeldes ou máis ben coma adolescentes parvos. Ao chegar ao hotel, xa anoitecendo, díxonos: «Hoxe non saíades que mañá temos que ir moi cedo ao laboratorio» «Vale, pero temos que baixar a chamar as nosas

familias». Baixamos ao vestíbulo do hotel onde había cabinas de teléfonos para chamar as nosas nais; nada máis colgar decidimos non facer caso a Ignacio e saír de marcha por Madrid sen dicirlle nada. Chegamos bastante bébedos ás cinco da mañá á habitación. Deunos un ataque de risa ao ver a Ignacio Vilar botándonos a reprimenda cabreado e cun pixama un tanto ridículo que non impoñía respecto. Pablito e eu empezamos a saltar de pé na súa cama mentres Riqui morría dun ataque de risa. Dúas horas despois Ignacio, aínda moi enfadado, espertounos para ir a Madrid Film. A esa idade tiñamos unha enerxía desbordante.

Estreamos a curta en novembro do 95 co inmenso auditorio da Universidade da residencia de Santiago cheo de xente.

A danza de Katiuska

1996-98

Ao rematar as nosas respectivas segundas curtametraxes, Pablito e eu démonos conta de que os nosos estudos non nos estaban a achegar nada interesante. Decidimos que iamos deixar de estudar e que nos iamos dedicar por enteiro ao cinema. Sentiámonos artistas. Tiven un enfrontamento moi forte co meu pai por abandonar a carreira. O meu pai nesa época estaba a pasar por grandes dificultades coas súas empresas. En poucos anos pasou de irle moi ben a practicamente arruinarse e entrou en depresión. Tras esa discusión marchei da casa e durmín durante dúas frías noites nun coche abandonado na rúa do Olvido. Esas dúas noites choveu como só pode chover en Santiago, aínda que desta vez non me resultou nada agradable. A auga entraba no interior do coche; nunca pasei tanto frío na miña vida. Chamei os meus padriños Manel e Rosa e marchei a vivir con eles á Coruña.

O cambio sentoume moi ben. Xusto nesa época empezaba a saír cunha rapaza francesa de Lyon filla de galegos emigrantes que coñecera tempo atrás nunha festa de estudantes cando estaba de visita en Compostela. Chamábase Sarah, liarámonos un ano antes e agora regresara definitivamente para vivir en Santiago e empezamos a saír en serio. Matriculeime na Escola de Imaxe e Son da Coruña (EIS Someso). Fixen o primeiro ano na EIS no curso 1996/97 e todo foi moi ben. Eu estaba centrado nos meus novos estudos e vivía o primeiro e marabilloso ano da nosa relación. Ese verán decidín traballar de camareiro no bar Zurich para tentar aforrar e poder facer unha nova curta. As cousas empezáronse a complicar cando recibín a noticia de que a miña nai tivera un terrible accidente laboral e estivo un mes na UCI. Estivo a piques de morrer e quedou con graves secuelas físicas. Pouco tempo despois os bancos embargaron o noso dúplex de Santiago, onde vivira toda a miña vida.

No curso 1997/98 inicié o segundo ano na Escola de Imaxe e Son. Escribín a miña terceira curta que se converteu no meu proxecto de fin de estudos, pero ao empezar o curso recibín outra noticia aterradora para min nese momento: Sarah e eu estabamos embarazados e Sarah quería ter o noso futuro bebé. Eu non tiña ningún interese nese momento en querer ser pai, pero quería moitísimo a Sarah e aceptei a súa decisión. Eu estaba profundamente preocupado, tiña vinte e catro anos nese momento e Sarah vinte e cinco; o último que quería era ser pai porque sentía que só quería entregarme á miña incipiente carreira artística.

Eu estudaba na Coruña, compartía piso cos meus compañeiros na EIS José Jamardo, Judas Diz e Saúl e nas fins de semana ía para Santiago encontrarme con Sarah, que vivía tamén nun piso de estudantes e traballaba no roupeiro da discoteca Casting. Dábame medo a incerteza do porvir do fillo que ía traer ao mundo co noso precario presente, pero a pesar das dificultades foi unha época coa súa beleza tamén.

O meu proxecto de fin de estudos ía ser a miña terceira curtametraxe, que levaría por título *A danza de Katiuska*. Consequín para poder filmar o meu proxecto de fin de estudos en 16 mm que o centro comercial Los Rosales da Coruña me dera trescentas mil pesetas a cambio dunha semana de cinema que organiciei no centro comercial. Con iso paguei o negativo e o laboratorio.

Rodamos durante catro días de maio de 1998 no plató da EIS coa cámara Arri III da propia escola. Toda a curta era un só decorado cun diálogo de doce páxinas. Esa foi a miña primeira curtametraxe con verdadeira intención estilística e conceptual, a primeira que escribín enteiramente só. Eran dous actores nada máis falando. Por terceira vez, Luis Tosar como protagonista xunto á grande actriz Ursia Gago. Un equipo excelente que se entregou para construír o decorado. Ao tempo en que rodaba, Sarah saía de contas en Santiago. Eu acendía o meu teléfono Motorola cada vez que remataba un plano, pero a miña filla Lía agardou a que o seu pai rematara a rodaxe. Así que ao rematar o último plano marchei a fume de carozo para a miña cidade. Aos poucos días naceu Lía. Eu quíxenlle poñer de nome Katiuska, pero afortunadamente o nome non convenceu a súa nai.

Madrid

1998-99

No verán de 1998 cheguei a Madrid para traballar na Media Business School. Buscaba seguir me-drando coma cineasta, pero tiña que atopar traballo alimenticio para sacar adiante a miña filla. Manuel Cristóbal, hoxe director do Festival de Sevilla, que vira algunha das miñas curtas e era bastante fan, ofrecérame ir traballar con el a Madrid na MBS organizando obradoiros en inglés de cinema pagados pola Unión Europea para produtores en diferentes lugares de Europa. Foi unha grande oportunidade e unha inmensa experiencia para min.

As oficinas da MBS estaban no número doce da rúa Velázquez, no barrio de Salamanca. Nunca vira tantas bandeiras de España xuntas na miña vida. Todo ese mundo tan violentamente seño-rito e facha penso que foi forxando o meu carácter político posterior.

Todos os meus compañeiros da MBS eran nenos de papá medio españois, medio europeos, con nomes como Alex Bourquin ou Mario Mahr; a pesar das nosas diferenzas ideolóxicas, fixémonos moi amigos. O director da MBS era Antonio Saura, o fillo de Carlos Saura, con quen tamén acabei trabando bastante boa amizade con el. O meu primeiro venres de traballo acabei saíndo toda a noite con Alex Bourquin, que era medio inglés, medio suízo, e non recordo moi ben por que acabamos durmindo no parque do Retiro e volvendo o sábado ás oito da mañá á oficina, creo que porque Alex tiña que enviar un fax importante.

Madrid é unha cidade que me forxou o carácter e coa que mantiven sempre unha relación de amor-odio. Nunca me sentín máis só na miña vida como en Madrid no metro ateigado de xente pegada a ti como nunha lata de sardiñas. Ao cabo dun mes puiden traer a Sarah e a Lía a un apartamentíño que aluguei na rúa Embajadores.

Ao principio eu viña a Madrid con ansias de gran cidade, de ver grandes cousas, especialmente na carteleira cultural, pero pouco a pouco foime decepcionando e case que nunca podía ver nada interesante ou ben porque estaba moi lonxe ou porque as entradas voaban en dez segundos ou porque había listas VIP e as entradas eran caras ou porque había unha fila inmensa. Eu viña da Compostela ultra dinámica e vangardista dos anos 90 con dúas salas de teatro alternati-vas programando a diario (a Nasa e a Galán) que visitaba con frecuencia e onde descubrira en eventos como arte en acción da Nasa a grandes artistas como Angélica Lidell, Marcelí Antunez ou Corcobado entre outros moitos. Unha Compostela onde ademais de Cineuropa tiñas o En pé de pedra, festival de danza para paseantes organizado pola Galán, ou o Compostelan Millenium Festival, onde podías ver a Peter Brook no Cinema Capitol ou a Rostropovich no Auditorio. Así que case que nada do que me ofrecía Madrid me resultaba tan excitante. Máis ben vía moi-to mamoneo e pouca autenticidade. E con todo, a nivel vital si que me deu moitas vivencias moi importantes, moitos lugares e moitos amigos. Eu estaba sedento de experiencias e Madrid nutríume moito delas. É moi san vivir a trasfega baleira nunha gran cidade cando es novo e marchar dela cando ese baleiro te empeza a enfermar; ou como digo eu, Madrid está moi ben se tes menos de trinta anos ou máis de trinta millóns de euros.

De Madrid non me gustaba nada viaxar en metro, pero de todas as cousas o que menos me gustaba era facer vida a diario no barrio de Salamanca, cheo de xente desagradable que miraban con cara de cheiro ao pasar. O meu espírito artístico sentíase moi desgraciado por ter que ir en metro todos os días á oficina, sentar oito horas diante dun ordenador e facer un traballo burocrático e aburrido.

Cando levaba seis meses na MBS e me empezaba a sentir un pouco desgraciado, ofrecéronme un traballo que me marcou profundamente. Propuxéronme ir axudar a un tal Harold a montar a infraestrutura para un máster de produción de cinema que organizaba a MBS en Ronda (Málaga) todos os veráns. Faleino con Sarah; ela sempre me apoiou en todo, así que decidimos que era unha boa oportunidade aceptar. Esa proposta salvoume e converteu o que era un traballo tedioso e aburrido nunha aventura vital.

Tiven que facer as maletas para ir un tempo a Ronda. Antes tiña que volver a Santiago unha fin de semana porque a miña curta *A danza de Katiuska* obtivera once candidaturas nos Premios Agapi 99, antecedente dos Mestre Mateo. Fun a Santiago, ademais de con Sarah e Lía, con varios compañeiros da MBS. Sentei na gala con Luis Tosar co que estivera tomando unas cantas cervexas antes de entrar. Saíron as candidaturas ao mellor actor: el estaba seleccionado pola miña curta e un momento antes díxome que se estaba a mexar, polo que foi ao servizo e o seu asento quedou baleiro. Teté Delgado anunciou que o gañador era Tosar por *A danza de Katiuska* e nese momento sobrevoou a cabeza quente por enriba dos espectadores e chegou a buscalo ao seu asento. Non atopou ninguén e virou cara a min que era o director da curta e estaba ao seu carón. Maldixen a Tosar por ter que ir mexar nese momento. A rexedora berrábame histericamente para que subira eu ao escenario. Non tiven opción. Ao chegar ao escenario, Teté Delgado, que esperaba a Tosar, soltou diante do micro a todo un Pazo de Congresos de Santiago ategado de xente: «E ti quen es?» Eu, un completo descoñecido, achegueime ao seu micro e respondín: «Charles Bronson». Nese momento apareceu Tosar correndo polo corredor e subiu ao escenario. Foi un momento inenarrable, ridículo e absurdo.

Tres días despois eu estaba en Ronda, un martes do mes de maio do 99. Por fin coñecera a Harold, un produtor cubano gordo e con mala hostia que daba ordes todo o tempo e iso que aínda non empezamos a traballar, simplemente estábamos instalando na cidade.

Tras o primeiro día decidín pola noite dar unha volta para coñecer o ambiente da pequena cidade onde ía vivir nos próximos meses e descansar un pouco de Harold, co que compartía casa. Camiñaba pola calle de la Bola, a rúa máis comercial do centro de Ronda; era un martes laboral e non había ninguén. De súpeto, pola rúa peonil apareceu ao lonxe unha figura de muller alta e repoluda. Estabamos os dous sós na calle de la Bola. Camiñabamos en direccións opostas e iámonos achegando. Cando estabamos fronte á fronte recoñecémonos, era Teté Delgado que soltou un: «Coño, Charles Bronson! Y tú por aquí?» Díxome que estaba rodando *El Quijote* para unha serie inglesa. Convidoume á festa de fin de rodaxe onde puider coñecer a Bob Hopkins e a Vanessa Williams. Había un grupo de xitanos rondeños contratados para cantar e bailar flamenco para os ingleses. Os xitanos encabezados por El Platanito ao rematar a actuación viñeron xunto a nós; non lles interesaba o máis mínimo Bob Hopkins, pero estaban fascinados por Teté que nese momento era moi famosa en Tele 5 pola serie *El Súper*. Fixemos boa masa coa panda de El Platanito e marchamos Teté e eu con eles de festa. Estivemos toda a noite ate o amencer que deixamos a Teté no Parador de Ronda porque tiña que coller un avión en Málaga unas horas despois. Eu seguí coa banda de El Platanito no coche de festa. A medida que amecía descubrín que os asentos da parte de atrás do coche estaban queimados e se vían os resortes. Ía con El Platanito, o seu curmán Curro e outro xitano máis. Despois de vinte minutos en coche pola Serranía de Ronda nunha dirección incerta, chegamos a un descampado onde había un cabano de madeira moi rudimentario. Chamamos á porta e saíu un vello xitano ao

que empezaron a apertar «*Como estás, tío Juan*». Pasamos dentro e o vello tío Juan serviunos vasos de tubo metade whisky malo, metade auga. Empezaron a cantar e a bailar flamenco e acabaron por rachar a camisa. Fíxenme moi amigo deles.

En Ronda pasei probablemente os dous anos máis felices da miña vida. Alí empezou a camiñar a miña filla Lía. Pasaba alí seis ou sete meses e o resto do ano volvía ás oficinas de Velázquez en Madrid. Estiven na MBS dende o verán do 98 até o 2001, pero foron os dous anos de Ronda nos que fun plenamente feliz. Alí rodeado de alumnos da miña idade de todos os países de Europa, recibindo cada tres días os maiores expertos do mundo da produción audiovisual, dende Todd Stevens, produtor de *Friends*, até Christine Camdessus, dende Dennis Hopper até John Voight; alí fixen os meus mellores amigos da vida e nunca tiven un soldo mellor que nesa época. Porén, cando no ano 2001 me ofreceron un aumento de soldo e de posto de traballo dentro da MBS, despois de consultalo con Sarah, decidín deixar a Media, non porque non me sentira feliz, senón porque aínda que vivía rodeado de xente do cinema, non podía desenvolverme coma cineasta. Así que o deixei para centrarme en volver a dirixir curtas. Animado por un alumno belga do máster, André Logie, escribín unha curta antitaurina en Ronda, capital do toureo contemporáneo, berce de grandes toureiros coma Pedro Romero ou os Ordóñez, o lugar coa praza de touros máis antiga e fermosa e o lugar onde se inventou o toureo a pé.

Edimburgo

Despois de Ronda marchei a Edimburgo unha tempada. Ronda e Edimburgo son posiblemente, e despois de Santiago, as cidades máis transcendentais na miña vida. En Edimburgo escribín unha curta chamada *Sebastian*. Sete meses despois volví a Santiago a rodala.

Un día estáballe a explicar ao dire de foto da curta, Alberte Branco, que a partir dese momento se convertería no camarógrafo da meirande parte dos meus filmes, o *look* da curta. Estabamos tomando algo na Reixa pola tarde sentados nas mesas do fondo. Explíqueille que aínda non tiña actor, que seguramente sería un actor non profesional; o look do prota era parecido ao dun rapaz que estaba sentado na mesa de enfronte, con longas patillas e chándal. Era Diego Anido, que por aquel entón aínda non fixera nunca nada como actor. Diego marchou da Reixa e eu quedei raiado por non ter falado con el e propoñerlle facer unha proba. Empeceime a obsesionar e ía todas as tardes pola Reixa, pero Diego, que eu daquela non sabía nin como se chamaba, non aparecía. Estiven así un par de semanas até que unha noite nun concerto na Sala Nasa o atopei e deume o seu teléfono. En canto fixemos o primeiro ensaio deime conta de que tiña unha forza increíble diante da cámara. Rodamos a curta na nosa casa de Santiago (nesa época tiñamos un piso en Santiago en Sar e outro en Madrid). Foi unha curta que desfrutei moito rodando e buscando a súa forma narrativa a través dunha voz en off. Só con dous actores, Elena Valiño e Diego Anido, no parque de Bonaval.

Ao ano seguinte, en 2002 rodei a curta *Toro* nunha praza de touros portátil en Xinzo de Limia para a que contratamos unha cuadrilla de verdadeiros toureiros sevillanos. Foi para min un exercicio experimental moi interesante, pois non había historia nin actores, tan só imaxes e sons que representaban o punto de vista dun touro. Foi algo así como unha curta na que experimentei novas formas narrativas.

A miña etapa de Edimburgo acabou abruptamente. Pablito e eu pinchabamos pola noite na discoteca Mercado en Market Street, creamos as ODSS sesións (sesións raras), acrónimo de «Os dous de sempre». Pasámolo de marabilla e empezábanos a ir francamente ben, pero Pablito, o meu irmán de cinema co que compartía habitación en Edimburgo, empezou a dar síntomas preocupantes dun problema de saúde que pouco despois lle impediría seguir desenvolvendo a súa prometedora e brillante carreira cinematográfica.

2001-2002

En Edimburgo tiña un grupo de amigos cos que interactuabamos moito e establecemos unha bonita amizade. Unha noite anunciei que regresaba a Santiago e saímos a celebralo en modo despedida. Unha amiga o grupo, unha escocesa moi tímida chamada Clerc e que era abstemia, aínda que deses abstemios que antes foran alcohólicos, esa noite bebeu moito. Ao chegar á súa casa puxo unha bolsa de plástico sobre a cabeza, deitouse na súa cama e suicidouse. Quedei en estado de choque. Foi unha das experiencias máis tristes da miña vida.

Iroko Films

Nese 2002 volvíñ a Madrid. Harold, o cubano da MBS, creara unha produtora en Madrid chamada Iroko Films e chamoume para que fora o seu director de desenvolvemento. Volvíñ a instalarme definitivamente en Madrid e alí estiven dende o ano 2002 ate o 2008. Producimos oito filmes e tiveron a oportunidade de escribir en Brasil durante tres meses en Fortaleza (Ceará) no ano 2005 a miña primeira longa que se converteu en filme, *A ilha da morte*, dirixida por Wolney Oliveira.

Un ano despois, en 2006 gañei un concurso internacional para ir desenvolver un guión aos Ánxeles (EE.UU.) no LALIFF (Los Angeles Latino International Film Festival). Estiven en Hollywood un tempo traballando con Ben Odell, xefe de desenvolvemento de Panamax Films, e de Bobette Buster, afamada analista de guións que eu coñecera anos atrás en Ronda. Hollywood pareceume un sitio ben charramanguero e Os Ánxeles unha decepcionante cidade decadente, pero fixen bos amigos e paseino moi ben. Alí desenvolvín o guión d'*A noite que deixou de chover*, que rodaría en Santiago entre agosto e outubro do ano 1997, con Luis Tosar e Nora Tschirner como protagonistas.

Nunca deixará de chover no meu cinema

Despois d'*A noite que deixou de chover*, viñeron outras cinco longametraxes e máis de dez curtas e pezas experimentais nas que a chuva sempre foi un factor determinante. Sempre amarei a choiva caendo sobre Compostela nas tardes escuras de outono. Na curta *Un Flâneur en Compostela* (2020), baseada en textos das miñas libretas e imaxes non utilizadas dos meus propios filmes, escribín: «Unha melancólica tarde de luns sostiña nas miñas mans unha fumeante cunca de té, a choiva de novembro batía con forza contra os cristais do meu despacho. Estaba preguiceiro e perdía o tempo diante do ordenador mentres soaba 'Between the bars', de Elliot Smith; e foi entón cando tiveron por primeira vez a nítida revelación de crer intuír o que é a pureza simple da beleza complexa».


Nesas mesmas libretas, noutra ocasión, escribín unha frase que penso que me define bastante ben: «Sempre me gustou a roupa e a luz outonal, a choiva e o frío invernal e as mulleres doces, sofisticadas e tristes, como as cancións de Belle & Sebastian».

Esa, xunto a outras moitas, son as verdadeiras razóns de por que nunca deixará de chover no meu cinema.


2002-2007

2008-2025

PRIMEIRA PLANTA



SEGUNDA PLANTA



PRIMEIRA PLANTA

Sala A: Unha tirada de dados xamais abolirá o azar

Sala B: Seis longametraxes para construír un mundo melancólico

SEGUNDA PLANTA

Sala C: Intérpretes

Sala D: Procesos fílmicos. Ons



Compostela
Cultura
Artes visuais

Zona C • Punto de Información Cultural
Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes)
De martes a sábado:
11.00 - 14.00 | 16.00 - 19.00 h
ACCESO LIBRE E DE BALDE

